

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA DO COLEXIO PÚBLICO DE SIGRÁS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NO CURSO ESCOLAR 2021/2022

Na Casa Consistorial do Concello de Cambre, o 16 de marzo de 2022.

REUNIDOS:

Dunha parte, _____ alcalde do Concello de Cambre, na representación legal que deste lle confire o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra _____ con D.N.I _____ presidente da Asociación de Nais e Pais
Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, con CIF C _____ con sede en l _____ 15660,

Ante min, o secretario accidental do Concello de Cambre, cumprindo a resolución da alcaldía nº 2436/2021 do 31 de decembro de 2021 e tendo en conta o establecido no artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e artigo 1255 do Código Civil, formalizan o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

1. A Constitución Española, no seu artigo 27 establece o dereito á educación de todos os españois e reconece a liberdade de ensinanza. Ademais, dispón que a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana. No seu artigo 43.3 establece que os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo facilitarán a adecuada utilización do ocio.

Entre os fins do sistema educativo español, segundo a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, encontrase o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos e a adquisición de hábitos intelectuais así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte. A Lei orgánica 8/1985, 3 de xullo, reguladora do dereito á Educación no seu artigo 5.2 b), estipula que as asociacións de pais de alumnos, asumirán, entre outras, a finalidade de colaborar coas actividades educativas dos centros.

No seu artigo 6.3, modificado pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, recoñécese como dereito básico dos alumnos á formación integral dos mesmos que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

O Concello de Cambre ten atribuídas competencias na promoción do deporte e a cultura, conforme se estipula na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, e artigo 25 l) e m), da Lei 7/1985, de 2 de abril, na redacción dada pola, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

2.- O Concello de Cambre considera de gran importancia o desenvolvemento, con carácter continuado, dun programa de actividades extraescolares nos centros educativos para colaborar no proceso de formación integral dos escolares.

3.- A Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás constitúese como unha entidade sen ánimo de lucro, con sede en Cambre, adicada a colaborar no ámbito educativo e en especial a completar no seu centro a formación cultural e deportiva a través da oferta de actividades extraescolares.

4.- O Concello de Cambre, dende hai anos, leva a cabo actividades extraescolares nos centros educativos de Cambre, de forma paralela ás ANPAs. Coa convivencia das dúas ofertas de actividades, duplicábanse actividades, aplicábanse prezos distintos para actividades similares e xurdían problemas na coordinación dos usos das instalacións municipais. Co fin de evitar estas incidencias, considerase conveniente presentar unha única oferta do Programa de actividades extraescolares por parte dunha soa entidade, as ANPAs dos diferentes CEIP, co respaldo económico do Concello de Cambre, para así favorecer a xestión e eficacia do mesmo. Por iso, o Concello de Cambre, a proposta da área de Educación, Xuventude e Deportes, asinou o 16 de outubro de 2008 o primeiro convenio de colaboración, para que mediante a coordinación dos recursos e esforzos das partes asinantes se promovera a práctica das actividades extraescolares no CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás organizadas pola ANPA do CEIP, en coordinación co Concello.

5.- Visto o bo resultado acadado nos pasados cursos escolares e a conveniencia de manter este sistema de xestión conxunta do programa de actividades extraescolares nos centros escolares de Cambre, este Concello, quere continuar coa sinatura deste convenio de colaboración.

Ainda que neste curso 2021-2022 dada a situación da pandemia provocada pola COVID-19 temos que adaptar as condicións da realización das actividades por parte da ANPA para cumprir co protocolo de seguridade e hixiene establecido pola administración competente, coma por exemplo a duración total da realización das actividades no curso escolar, o nº mínimo de actividades e de participantes en cada unha delas xa que vese reducida respecto a cursos anteriores e que non participen en exhibicións ou competicións.

6.- Considerando que no orzamento municipal do 2021, consta consignada de forma nominativa unha subvención a favor da ANPA na aplicación orzamentaria "2021 326 48905 Convenio ANPA CEIP Gonzalo Torrente Ballester", destinada a financiar o Programa de actividades extraescolares que desenvolve a entidade e o seu transporte.

7.- Tendo en conta que a entidade declara neste acto encontrarse ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Sobre a base do exposto, e en uso da súa capacidade, ambas partes acordan subscribir un convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: COMPROMISOS DA ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS.

1º) Organizará, en coordinación co Concello de Cambre, un PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES asumindo os custos que deste se deriven, e coas seguintes directrices:

- A actividade desenvolverase durante un mínimo de seis meses de curso escolar e cunha frecuencia semanal por actividade de 1 hora.

- A oferta inicial de prazas nestas actividades deberá superar o 50% da poboación escolar do centro e deberá contar cun mínimo de seis actividades entre culturais e deportivas.

Realizarase un mínimo de seis actividades entre deportivas e culturais.

O número mínimo de participantes para que a actividade poida desenvolverse baixo este programa é de oito. Agás as que requiran un número menor debidamente xustificado ou se algunha actividade comeza co número mínimo de sete.

- Para a xestión do programa de actividades extraescolares: organización, posta en marcha, seguimento e control, a ANPA deberá contar con persoal específico que asegure a eficacia e calidade da xestión das actividades.

- Para o desenvolvemento das actividades achegará o material funxible necesario.

- A contratación dos monitores deberá efectuarse seguindo as disposicións legais vixentes en materia laboral e da seguridade social, non tendo vinculación ningunha co concello de Cambre. Os mesmos deberán contar coa titulación adecuada á actividade a desenvolver.

- Levará ao Consello Escolar do centro o plan de actividades extraescolares, no que se deberá aprobar a súa realización e a admisión de alumnado doutros centros escolares de ser o caso.

2º) A ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS organizará en coordinación co concello de Cambre o transporte das actividades extraescolares como mínimo de dous días á semana. Para isto, deberá haber como mínimo de 10 usuarios do transporte no día (con paradas no municipio de Cambre). Se non se mantivera este número mínimo de usuarios do transporte poderase cancelar o dito servizo cando o concello o estime oportuno.

Ambas entidades vixiarán o cumprimento por parte do transportista dos requisitos de seguridade establecidos no RD 443/2001, do 27 de abril sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores e demais normativa vixente.

3º) O prezo que se fixe para a actividade extraescolar non poderá ser superior a 13,00 euros por actividade ao mes (supoñendo unha actividade dunha hora e cuarto semanal) salvo o de Natación que

será o importe vixente aprobado no pleno municipal de Cambre. Sobre dito prezo deberán aplicarse polo menos as seguintes reducións, sen prexuízo de que a ANPA estableza outras:

1.- Redución do 50% da cota para escolares pertencentes a familias numerosas.

2.- Redución do 100% da cota dunha actividade como máximo por alumno, para aqueles casos de escolares nos que se acredite a falta de capacidade económica, mediante informe emitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre. Este informe será solicitado polo usuario nos Servizos Sociais e esta o remitirá ao departamento de Educación. Será este último quen comunicará á ANPA a procedencia ou non de dita redución.

4º) En tódolos documentos informativos que se editen, así como nos actos culturais, competicións, entrevistas, roldas de prensa nas que participen os escolares, técnicos e directivos da ANPA en relación ao programa de actividades extraescolares, deberá facerse mención a que as actividades están financiadas polo Concello de Cambre.

5º) A ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS queda obrigada a realizar un seguro de responsabilidade civil para a cobertura das actividades que se realicen ao abeiro deste Convenio de ata 300.000,00 euros, manténdoo vixente durante toda a duración deste, así como o seguro de accidentes de todos os escolares inscritos nas súas actividades.

6º) A ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS deberá someterse as actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello consideren oportuno realizar, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como do destino dos fondos percibidos, aportando tanta información sexa requirida.

7º) Presentará os documentos acreditativos da xustificación da realización do programa de actividades extraescolares e demais obrigas asumidas con este convenio e da aplicación dos fondos percibidos da seguinte forma:

7.1) Logo da sinatura do convenio, e en todo caso no primeiro trimestre do exercicio 2021, orixinais de facturas e documentos válidos para acreditar o gasto ou copias realizadas no Concello directamente do orixinal, correspondentes ao gasto realizado, que respondan á natureza da actividade subvencionada, por importe mínimo de 10.318,79 euros, acompañado de relación clasificada de facturas presentadas, con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión, concepto e data de pago, segundo modelo que se facilitará dende o Concello de Cambre.

As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e concepto dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos.

7.2) Antes do 1 de xuño de 2022 presentará:

□ programa das actividades que efectivamente se realizan (actividade, día e hora, e lugar de realización).

□ listaxe e número de participantes por cada actividade e de usuarios do transporte e días de uso do transporte e importe de cada unha das actividades e reducións.

□ documento que acredite que no Consello Escolar do centro se aprobou a realización do programa nese centro; que a ANPA conta con persoal para levar a cabo a xestión das súas actividades que a contratación dos monitores efectúase seguindo as disposicións legais vixentes en materia laboral e da seguridade social, non tendo vinculación ningunha co concello de Cambre e teñen a titulación adecuada á actividade que van impartir e que para o desenvolvemento das actividades achegará o material funxible necesario (e non de inversión).

□ carteis, trípticos, dípticos ou outra documentación da promoción das actividades amosar onde se fai constancia a que as actividades están financiadas polo Concello de Cambre.

□ Copia de pólizas de seguros en vigor, que esixe o convenio.

□ orixinais de facturas e documentos válidos para acreditar o gasto ou copias realizadas no concello directamente do orixinal, correspondentes ao gasto realizado, por importe de 3.000,00 euros acompañado de relación clasificada de facturas presentadas, con identificación do acreedor e documento, importe e data de emisión, e concepto e data de pago, segundo modelo que se facilitará dende o Concello de Cambre.

As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e concepto dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos.

7.3) Unha vez rematado o programa de actividades extraescolares 2021/2022 e antes do 11 de xullo de 2022, presentará:

a. Memoria da ANPA, correspondente co curso escolar 2021/2022, das actividades xustificativas do cumprimento do obxecto da subvención, que deberá incluír como mínimo unha descrición detallada de todos os aspectos relativos á organización das actividades, programación, horarios, tarifa por actividade, listaxe de alumnos, variación do número de alumnos ao longo do ano nas actividades, itinerario do transporte.

b. Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto, no curso 2021/2022.

Así mesmo, deberán xustificar o importe total dos ingresos obtidos dos usuarios das actividades.

c. Relación clasificada completa de todos os gastos da actividade do curso 2021/2022, con identificación do acreedor e documento, importe e data de emisión, segundo modelo que se facilitará dende o concello de Cambre.

A entidade deberá contar cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúan debidamente identificados, entre outros, os relativos a actividade obxecto de financiamento no presente convenio, tendo os efectos previstos no artigo 17.3 h) da Lei xeral de subvencións e no artigo 11. f) e g) da Lei de subvencións de Galicia, ademais daqueles libros e rexistros contables que as normas que lle sexan de aplicación no ámbito contable establezan.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada e, e teñan relación directa co obxecto que se subvenciona. Non se consideran gastos subvencionables os importes aboados ao concello de Cambre en concepto de tributos ou demais ingreso de dereito público.

d. Orixinais de facturas e documentos válidos para acreditar o gasto ou copias realizadas no Concello directamente do orixinal, correspondentes ao gasto realizado, que respondan á natureza da actividade subvencionada, de forma que xunto coas presentadas con anterioridade ascendan 16.318,79 euros. No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos, as facturas xustificativas a presentar deberán ser, cando menos, da suma das cantidades percibidas para o mesmo obxecto.

As facturas presentadas deberán incluír os datos fiscais completos e correctos da ANPA. Deberán especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados ou do material adquirido, prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallan os anteditos aspectos nin tampouco aquelas que non se correspondan con gastos efectuados no período de vixencia do convenio.

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentarse fotocopias, antes de facer a copia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Cambre.

Os pagos deberán realizarse a través de entidade financeira, salvo os de escasa contía (ata 150,00 euros), que poderán realizarse en efectivo, sempre e cando se xustifique a imposibilidade de efectuar o aboamento por distinto medio de pago e o gasto total xustificado non supere o 20 % do importe adxudicado (3.263,76 euros). Poderá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo ou calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e receptor dos fondos. Deberá acreditarse o pagamento dos gastos a través de xustificante bancario, o cal será obrigatorio, unha vez aboada a subvención, se así lle fora requirido.

e. Dado que as actividades obxecto do convenio implican o contacto habitual con menores, a entidade deberá comprobar que as persoas ou persoal ao seu cargo non foron condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuízamento civil), presentando declaración do/a presidente/a da entidade do cumprimento de dita obriga.

7.4) Unha vez rematado o programa de actividades extraescolares 2021/2022 e antes do 1 de outubro de 2022, presentará:

Memoria anual da xestión económica da ANPA correspondente co curso escolar 2021/2022, aprobada pola entidade.

Rematados os prazos sen que a entidade presentase a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o departamento de Educación requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional levará consigo a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións, incluída a obriga de reintegro do importe da subvención previamente percibido.

7.5) Acreditará ante este Concello o destino dos fondos recibidos no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao pagamento do importe da subvención, mediante a presentación de:

1.- Certificado asinado polo/a presidente/a e tesoureiro/a da entidade que conteña a relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do documento e acreedor, importe, data de emisión, así como a data e medio de pago.

Os pagos deberán realizarse a través de entidade financeira, salvo os de escasa contía (ata 150,00 euros), que poderán realizarse en efectivo, sempre e cando se xustifique a imposibilidade de efectuar o aboamento por distinto medio de pago e o gasto total xustificado non supere o 20 % do importe adxudicado (3.263,76 euros).

Poderá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo ou calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e perceptor dos fondos.

O certificado deberá acreditar o pago de facturas por un importe mínimo do orzamento que se ha de xustificar, e debe referirse a facturas e xustificantes de gasto válidos contidos na conta xustificativa presentada.

No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos que esixan o pagamento a través de entidade financeira, o certificado deberá acreditar o pago de facturas cando menos, da suma das cantidades percibidas. Para a comprobación desta condición deberá achegar as bases da convocatoria ou o convenio asinado.

2.- Acreditación da data de ingreso da subvención municipal.

A falta de acreditación no prazo establecido ou en forma non adecuada segundo o disposto no presente convenio, conlevará que o dito gasto se considere como non válido para efectos de xustificación da subvención e dará lugar a obriga de reintegro do importe da subvención previamente percibido.

SEGUNDA: COMPROMISOS DO CONCELLO DE CAMBRE

1º) Este Concello comprometese a aportar para o financiamento do Programa de actividades extraescolares correspondente ao curso 2021/2022 da ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS, a cantidade de dezaseis mil trescentos dezaioito euros con setenta e nove céntimos (16.318,79 euros) con cargo á aplicación orzamentaria denominada "2021 326 48905 Convenio ANPA CEIP Gonzalo Torrente Ballester", polos importes e para os conceptos seguintes:

□ Unha cantidade máxima de 10.318,79 euros desglosados da seguinte forma:

o Unha cantidade máxima de 6.600,00 euros, a razón de 1.100,00 euros polo número máximo de actividades esixidas neste convenio (6) destinada a subvencionar os gastos propios da xestión do programa de actividades extraescolares: organización, posta en marcha, seguimento e control do programa das actividades extraescolares (nos que se inclúen o de material para oficina e de actividades, material de limpeza e desinfección pola COVID-19).

o Unha cantidade fixa de 3.718,79,00 euros, se adicarán a sufragar os gastos do servizo de transporte das actividades extraescolares.

□ Unha cantidade máxima de 3.000,00 euros a razón de 1.000,00 euros polo mínimo de actividades realizadas esixido neste convenio (3 actividades).

□ Unha cantidade máxima de 3.000,00 euros a razón de 1.000,00 euros polo mínimo de actividades realizadas esixido neste convenio (3 actividades distintas ás do apartado anterior).

A achega farase efectiva da seguinte forma:

Unha primeira achega de 10.318,79 logo da sinatura do presente convenio a proposta da Concellería de Educación, logo da presentación da documentación que figura no apartado 7.1).

Unha segunda achega de 3.000,00 euros, logo da presentación da documentación que figura no apartado 7.2).

Unha terceira achega de 3.000,00 euros, logo da presentación da documentación que figura no apartado 7.3) e 7.4).

As achegas quedan condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2022 e á realización efectiva das actividades previstas, de forma que se durante o período de vixencia do convenio, se se reducise de forma significativa a actividade, revisaríase a contía da contribución por actividade, iniciándose no seu caso procedemento de reintegro do indebidamente percibido.

A suma das cantidades percibidas ou comprometidas por parte doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade non poderá ser superior ao custo das actividades obxecto do convenio. Neste suposto reduciríase proporcionalmente a achega municipal, e iniciaría, no seu caso procedemento de reintegro do indebidamente percibido. Como tamén se verían reducidos se a suma da achega municipal

e os ingresos percibidos procedentes das cotas de actividades fosen superiores aos gastos validamente xustificadas.

O Concello facilitará á ANPA o uso dos equipamentos e infraestructuras deportivas municipais necesarias para o desenvolvemento das actividades/competicións incluídas neste convenio, logo da súa solicitude e por tempo determinado. Para estes efectos o concello colaborará economicamente coa cantidade da taxa pola utilización de instalacións deportivas municipais que excedan do máximo das sete horas semanais fixadas con cota cero na ordenanza fiscal núm. 14.

Coordinará a utilización das instalacións deportivas municipais e fixará os días e os horarios para a súa utilización.

TERCEIRA: REINTEGRO DE FONDOS

Establecese a obriga por parte da ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS, de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 e nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración subscríbese cun período de vixencia que comprende o curso escolar 2021/2022, dende setembro de 2021 ata agosto de 2022, quedando as achegas condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste, no exercicio de 2022.

QUINTA: MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

De mutuo acordo poderanse introducir modificacións no convenio e denuncialo por calquera das partes cunha antelación mínima de tres meses antes da finalización do curso escolar 2021/2022.

SEXTA: OUTRAS DISPOSICIONES

Para o non previsto neste convenio será de aplicación o disposto no título V das bases de execución do orzamento municipal, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.

SÉTIMA: CONFORMIDADE COAS CLÁUSULAS

Ambas partes mostran neste momento a súa conformidade co contido das cláusulas expostas no corpo do presente escrito, comprometéndose ao cumprimento de cantas obrigas se deriven ata a súa finalización.

OITAVA: EIDO DE APLICACIÓN

O presente convenio queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector Público, en virtude do disposto no artigo 6.2 do citado corpo legal, aplicándose os principios de esta Lei para resolver as dúbidas e lagunas que se puidesen presentar, ao abeiro do establecido polo artigo 4 da Lei.

Porén este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdicción contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

NOVENA: INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

E para que así conste para todos os efectos que legalmente procedan, e unha vez lido integramente este documento, os outorgantes afirmanse e ratifican todo o exposto, asinándoo en triplicado exemplar e para un único efecto ante min, secretaria, que dou fe.

O alcalde

Asdo.:

O presidente da ANPA

Asdo.:

Ante min
O secretario accidental

Ado.: